

Tempo para ler



Melloro a lectura

▶ Escoita e sinala. Onde se fan pausas? Cales duran menos?

Bonecas, soldadiños de chumbo, peluches e bonequiños de plástico subiron aos vagóns. Daquela, o xefe de estación deulle a saída ao tren.

▶ Le o texto contando 1 despois de coma (,) e 2 despois de punto (.).

A viaxe secreta

O xefe de estación, un oso de peluche con gorra e chifre, axitou a bandeira e berrou:

—Viaxeiros ao tren!


O grupo de viaxeiros más estraño do mundo, formado por bonecas, soldadiños de chumbo, animais de peluche e bonequiños de plástico, ocupou o seu lugar.

O xefe de estación tocou a campá e berrou alegremente:

—Boa viaxe!

O tren púxose en marcha e os pasaxeiros, nerviosos, saudaron polas ventás.

O percorrido do tren era precioso. Comezou pasando por unha aldea de casas ben arranxadas. Despois, cruzou os agros que a rodeaban, onde se cultivaban hortalizas e medraban árbores froiteiras. Pouco e pouco, subiu costa arriba deica o cume dunha montaña. Alí fixo unha parada para que os viaxeiros admirasen a paisaxe. De alí a un pouco, o conductor puxo de novo o tren en marcha, agora costa abaixo. Ao chegar á praia, reduciu a velocidade para que os viaxeiros gozasen da cor e do olor do mar e do mosaico de cores que formaban os parasoles.



Despois, a ritmo normal, atravesou un túnel longo e escuro, e acabou a viaxe na mesma estación de onde saíra.



—Que? —preguntou o xefe de estación—.

Como foi a viaxe?

—Perfecta! —dixo unha boneca de trapo.

—Fantástica! —asegurou unha foca de peluche.

—Marabillosa! —confirmou un soldadiño de chumbo.

O oso de peluche estaba contentísimo: a primeira excursión co tren de Martiño fora todo un éxito!

Naquel instante, abriuse a porta da casa e as voces da familia chegaron deica o cuarto dos xoguetes.

—Tes deberes, Martiño? —preguntou a nai.

—Non! —dixo Martiño contento—. Penso pasar a tarde xogando co tren eléctrico!

Os xoguetes, **sen dar un chío**, apresuráronse a ocupar cada un o seu lugar. Aínda non acabaran de colocarse cando a porta se abriu de golpe.

—Viaxeiros ao tren! —berrou Martiño poñendo en marcha o trenciño.

Os xoguetes miráronse con cara de **resignación**: terían que esperar á noite para facer outra viaxe secreta co tren de Martiño!

Busca as palabras destacadas en O meu primeiro dicionario, ao final do libro.



Inventa un final diferente para este conto.



CREATIVIDADE

Os xoguetes non tiveron tempo de volver ao seu lugar antes de que Martiño entrase no cuarto.

El sorprendeuse moito ao ver o tren no chan con todos os xoguetes enriba. Daquela...



Tempo para ler



1 Lembra e responde.

- Que tipo de tren é o do conto?

- Que personaxes viaxan no tren?

- Quen fai de xefe de estación?

- Cando poderán facer outra viaxe secreta co tren?



2 En que orde pasa o tren por cada lugar? Marca o percorrido e ordena.



- Montaña. Agros. Aldea. Praia. Túnel.

3 VOCABULARIO. Separa as dúas palabras que forman cada palabra coma no exemplo.

- | | | | |
|----------------|---------------|----------------|---------------|
| • parasol | • gardamontes | • lavalouza | • salvavidas |
| • escachanoces | • altofalante | • cortacéspede | • parachoques |

Tempo para escribir mellor



- 1 Le e arrodea as comas (,).

XOGUETARÍA «A BRUXA»

Convídate á súa exposición de xoguetes sorprendentes.

Poderás ver trens de madeira, bonecas de trapo, buxainas antigas, parrulos de goma, coches de época, dentes con ollos e moitas cousas más. Non a perdas!

Venres 2 de agosto a partir das 10:00 h



► Que separan as comas? Fíxate e marca.

- Palabras que non teñen nada que ver unhas coas outras.
- Palabras que forman parte dunha serie ou enumeración.

A coma

Escríbese **coma** (,) para separar as palabras que forman parte dunha serie ou enumeración.




- 2 Sinala con raias os lugares onde poñerías comas. Despois, copia as oracións poñendo as comas onde cumpra.

Necesitas folios, un lapis a goma e pinturas.

Esta ensalada leva leituga tomate cebola e olivas.

- 3 Que hai no escaparate? Completa a enumeración poñendo comas.

No escaparate hai



- 4 Que ten que mercar? Escribe poñendo as comas que sexan precisas.

LISTA DA COMPRA	
galletas	leite
arroz	iogures

Ten que mercar

- 5 DITADO. Prepara o ditado para facelo no caderno. Fíxate nas comas.

Unha exposición moi curiosa

A vindeira semana celebran unha exposición de xoguetes antigos na Casa da Cultura. Din que hai obxectos moi curiosos: unha cebra de madeira, cochiños e autobuses de lata, robots xaponeses... Anímaste a ir?



Melloro a ortografía

- Risca as dúas comas que sobran e copia a oración correctamente.

Alberte vai a clase de, natación luns, mércores, e xoves.

Máis tempo para ler



Naiciña

Naiciña, naiciña,
onte soñei
que unha boneca
me traían os Reis.

A boneca tiña
os ollos bonitos,
a cara moi fina
e os cabelos rizos.



A boneca choraba
cando eu a durmía
e, se lle cantaba,
o sono collía.

EQUIPO OBRADOIRO

- 1 Escribe onde cumpra cada palabra e completa o resumo do texto.

Onte

traían

boneca

soñou

Reis

[redacted], unha rapaza [redacted] que os
[redacted] lle [redacted] unha [redacted].

- 2 Cal é a boneca do poema? Marca.



Comenta coa compañeira ou o compañero. Como soubestes que boneca tiñas que marcar?

3 Que facía a boneca? Relaciona.

Cando a rapaza quería durmila,

a boneca collía o sono.

Cando a rapaza lle cantaba,

a boneca choraba.

4 Copia outra palabra do poema que acaba parecido.

soñei ► bonitos ► choraba ►

5 Completa unha nova estrofa seguindo o código de cores.

Se ti dis que os soños

se fan realidade,

naiciña, a boneca,

traeranma de verdade?



6 En grupo, buscade unha canción popular, ensaiádea e cantádea na clase.

Primeiro, poñédevos de acordo para non repetir ningunha canción.

Coñezo os meus sentimentos

- Como te sentes cando tes un soño agradable?
E cando tes un pesadelo? Lembras algúns?
- Gústache contar os teus soños? A quen?

